

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001367	CEIP Plurilingüe de Abanqueiro	Boiro	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Descubrimiento e exploración da contorna	6º Inf.	8	280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

1. Introducción

A práctica educativa desenvolva nas nosas aula implica a súa previa planificación e concreción na programación. A programación, polo tanto, permite ter en conta a realidade do alumnado e do medio para deste xeito levar a cabo unha ensinanza estruturada, organizada e coherente. Isto é o que se pretende con este documento.

A Educación Infantil divídese en 3 áreas para unha mellor organización, pero como o propio currículo di: "as áreas deben entenderse como ámbitos de experiencia intrinsecamente relacionados entre si, polo que se requirirá unha formulación educativa que promova a configuración de propostas globalizadas de aprendizaxe, estimulantes e que teñan interese e significado para as nenas e os nenos". Polo tanto, os proxectos desenvolto levaranse de xeito globalizado abordando todas as áreas conxuntamente.

Este curso 2022-2023 levaremos a cabo un proxecto anual que parte do centro titulado "Mellorando o planeta dende a nosa biblioteca". Centrarémonos das 3R, distribuindo unha R en cada trimestre, polo que así quedaría: 1º trimestre "Reducir", 2º trimestre "Reutilizar" e 3º trimestre "Reciclar".

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.	1	1	1	1			1	
OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.	1	1	1	1			1	
OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.	1	1			1	1	1	1
OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.	1	1			1	1		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Reducir	Traballaremos a importancia de recudir auga, papel, luz, comida, non desperdiciar e empregar só o que precisamos.	93	X		
2	Reutilizar	Traballaremos e aprenderemos a darlle unha segunda vida a diferentes elementos de refugallo, así como poñeremos en marcha a horta, semilleiro, ...	93		X	
3	Reciclar	Traballaremos os diferentes tipos de contenedores, que debemos tirar en cada un deles, como podemos empregar o composteiro para a nosa horta, ...	94			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Reducir	93

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Clasifica obxectos segundo as súas características.	TI
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Identifica cantidades e grafías.	
CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	Avanza no desenvolvemento das nocións espaciais.	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Recoñece nocións espaciais básicas como antes, agora e despois.	
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Colabora e mostra iniciativa nos retos que se plantexan.	
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Elabora hipóteses sobre o que acontece nos experimentos levados a cabo.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Iniciase na elaboración de secuencias dixitais.	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Mostra interese sobre os acontecementos naturais e as súas causas.	
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.	Clasifica e identifica algunhas semellanzas e diferenzas nos seres vivos.	
CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.	Valora positivamente os núcleos sociais que o rodean.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos. - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. - A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. respecto dos seus dereitos. - A escola. - Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.

UD	Título da UD	Duración
2	Reutilizar	93

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Emprega os cuantificadores básicos nas tarefas e xogos.	TI
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Identifica e asocia cantidades e grafías.	
CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Iniciase no emprego de situacións cotiás nas que se empregan cuatificadores como o corpo e ferramentas.	
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Mostra iniciativa na xestión de retos e resolución de problemas.	
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	Aplica estratexias para tolerar a frustración.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Coopera no desenvolvementos dos proxectos.	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Valora e coida o medio natural e animal.	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Recoñece o elementos básicos para a vida.	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Identifica algúns elementos do noso patrimonio cultural.	
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	Aprecia as relacións sociais.	
CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.	Identifica diferentes modelos familiares e respectaos. ⁹	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Identificación das nocións topográficas básicas no plano. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións. - Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes. - Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos). - Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais. - Os seres vivos e as súas características. - A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos. - A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros. - Relacións de parentesco. - O barrio e o concello: servizos, características e funcións.

UD	Título da UD	Duración
3	Reciclar	94

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Identica e asocia cantidades e a súa grafía.	TI
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Recoñece elementos xeométricos da contorna.	
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Representase graficamente no espazo e cos obxectos presentes.	
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	É capaz de identificar algunhas situacións nas que é preciso medir.	
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Participa na resolución de retos e problemas.	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	Propón e emprega estratexias para resolver problemas.	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Mostra interese polas actividades de pensamento científico.	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Aprecia e coida os seres vivos presentes na contorna.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Valora as diferentes profesións presentes na contorna.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Goza co desenvolvemento de festas e tradicións.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Identifica algúns elementos do noso patrimonio.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e graffa. Situacións nas que se fai necesario medir. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Habilidades do pensamento computacional. - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. - Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima. - Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega. - Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía que se implantará basease nos principios de aprendizaxe activa e significativa. A observación e a experimentación será a base da aprendizaxe.

O principio de globalización será o pilar desta programación, e porase de manifesto nas diferentes propostas: proxectos, obradoiros, recantos, secuencias...

O xogo, ferramenta privilexiada de aprendizaxe estará presente na maioría das experiencias e vivencias.

Tamén estará presente no día a día a educación emocional, coa pretensión de que os nenos descubran e identifiquen as súas emocións e como manexalas.

Ofreceranse experiencias de aprendizaxe manipulativas e que sexan motivadoras para o alumnado.

Ademais de ter presentes os principios e orientacións que nos ofrece o propio currículo de Educación Infantil.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material curricular: Que foron seleccionados polo equipo de ciclo para acadar os obxectivos propostos para cada nivel.
Material funxible: ceras, rotuladores, acuarelas...
Material sensorial: mesa tuff tray, bandexas para escritura sensorial, ...
Material visual: carteis, bits, láminas, ...
Biblioteca de centro, de aula, contos libros, álbumes,...
Material artístico: pinturas, plastilina, refugallo, ...
Material de xogo simbólico
Recursos persoais: Relativos a todo o persoal que desenvolve a súa labor no centro educativo, así como as familias dos nenos/as que participan tanto de forma directa como indirecta
Contorna: todo o que nos poida ofrecer o contexto

Empregaremos diferentes recursos curriculares, funxibles, sensoriais, visuais, da bibliote,a artísticos, de xogo simbólico así como os recursos persoais e da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Entenderase como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas. - Análise das producións plásticas, escritas, musicais, etc realizadas polo alumnado.
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno Recalcar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temperá das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

En cada unidade/proxecto contase cunha táboa de indicadores no cal cualificaremos o grado en que o alumno acadou cada un dos ítems establecidos. Realizarase a través dunha escala de estimación cos seguintes criterios: sen dificultade, en proceso, con dificultade.

Criterios de recuperación:

Non procede nesta etapa educativa

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade clasifícanse en ordinarias ou extraordinarias. Teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás necesidades do alumnado.

As medidas poden ser variada en función das características do noso alumnado. As ordinarias van dirixidas a todo o alumnado, pola contra as extraordinarias só ao alumnado NEAE.

Partiremos de dous principios fundamentais: o enfoque ecolóxico, sensibilizando e implicando a toda a comunidade educativa, e o enfoque inclusivo DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe), que se entende como un modelo de ensinanza que ten en conta as necesidades de todo o alumnado. Así, baixo estes dous principios, adoptarei as seguintes medidas para atender con carácter xeral á diversidade da aula:

- Organizar o aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, de movemento e curriculares.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo os principios do DUA e propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de este alumnado.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións curtas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuais como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Diseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH
- Evitar tarefas repetitivas e sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades necesiten facer ese tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervenir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servicios sanitarios, sociais, etc).
- Apoio de profesorado con posibilidade horaria.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Educación para a igualdade	X	X	X
ET.2 - Educación para a saúde: hixiene e aseo, vida deportiva.	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.3 - Educación na convivencia: xornadas e obradoiros de convivencia. Ex: obradoiro de cabazas coas familias.	X	X	X
ET.4 - Educación ambiental: coidamos a contorno e reciclamos.	X	X	X
ET.5 - Educación na solidariedade: levamos a cabo a carreira benéfica contra a leucemia.	X		

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións	Celebraremos todas as conmemoracións recollidas na Orde de calendario escolar.	X	X	X
Carreira benéfica contra a leucemia	Ten como fin a recadación de diñeiro pero tamén inculcar no alumnado valores como a axuda aos demais e a cooperación .	X		
Saídas	Realizaremos diferentes saídas de interese dentro do Concello así como fóra del.	X	X	X
Obradoiros e talleres	De cociña, de reciclaxe, horta, ...		X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
os instrumentos de avaliación son axeitados a idade e características do alumnado.
Metodoloxía empregada
Desenvolvemos os elementos curriculares nas tarefas propostas.
Téñense en conta os intereses do alumnado.
O proceso de ensinanza adecúase as características de cada alumno.
Promove o desenvolvemento das competencias.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A temporalización está secuenciada de forma correcta.

Medidas de atención á diversidade
Actividades axeitadas as características do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación entre os mestres.
Potenciase a participación das familias e a vinculación destas coa vida de aula.

Descrición:

Estes indicadores teranse presentes para analizar o proceso e posibilitar as melloras.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Esta programación será revisada e mellorada ó longo do curso segundo as necesidades e evolución da vida na aula, facendo realidade deste xeito o principio de "flexibilidade" e "apertura" de toda programación didáctica. O Equipo do segundo ciclo de Educación Infantil, será o responsable de levar a cabo a súa revisión continua ó longo do curso, modificándoa naqueles aspectos que sexa preciso.

9. Outros apartados